

**Ficha de comprensión lectora sobre o libro titulado**

***Os Minimortos. Ai, que risa!* Autora: Leticia Costas.**

Le as preguntas con atención e demostra todo o que sabes sobre o libro.



**1. Une cada personaxe coa súa descrición.**

|          |                                                              |
|----------|--------------------------------------------------------------|
| Petunio  | O seu dono deixouno esquecido nun autobús. Morreu de pena.   |
| Maya     | Caeulle na cabeza un testro de flores dende un quinto piso.  |
| Penoso   | Intentou fabricar unha bomba caseira e voou todo polo aire.  |
| Dinamito | Sempre estaba enferma, encadeaba unha enfermidade con outra. |
| Pochiña  | Gústalle visitar aos Minimortos e conta a historia.          |
| Curuxa   | Tiroulle pedras a un panal de abellas e atacárona.           |

**2. Onde viven os Minimortos?**

- a) No Distrito das Almas.
- b) No Outro Barrio.
- c) Na Rúa do Alén.

**3. Que norma inventaron os Minimortos e cal é a consecuencia por incumpri-la?**

- a) Non se poden dicir grosarías e a consecuencia é a expulsión.
- b) Non se poden dicir palabras relacionadas con estar triste e a consecuencia é unha multa.
- c) Non se pode falar da morte e a consecuencia é un castigo acordado por todos.

4. Que problema ten Penoso?

- a) Xa non se leva ben cos Minimortos e quere deixar de ser o seu amigo.
- b) Non levanta cabeza, anda todo o día deprimido.
- c) Levou un gran golpe na cabeza e os Minimortos non o dan espertado.



5. Que deciden facer para axudar a Penoso?

- a) Discuten entre eles para decidir quen debe levalo para a súa casa.
- b) Organizan un concurso cómico para intentar facer rir a Penoso.
- c) Déixano por imposible e fanlle un funeral.



6. De que se encarga cada un dos Minimortos para organizar todo?

|          |                                               |
|----------|-----------------------------------------------|
| Petunio  | Anota os nomes dos participantes.             |
| Dinamito | Deseña os carteis para anunciar o evento.     |
| Maya     | É o cerebro da operación e dedícase a folgar. |
| Pochiña  | Colga os carteis.                             |

7. Escolle a opción verdadeira.

- a) A convocatoria é un fracaso e deben persuadir á xente para que se apunte.
- b) A convocatoria é un éxito tan grande que non dan abasto.

8. Quen participa no evento?

- a) A momia Lola, o Yeti e a Bruxa Xefa.
- b) Os equilibristas Auto e Caravana, o Yeti e un quinteto de esqueletos.
- c) Os equilibristas Auto e Caravana, o Yeti e a momia Lola.

9. Quen consegue facer rir a Penoso e como?

- a) Maya, guindando a cabeza polo aire nun arranque de ira.
- b) Dinamito, facéndolle cóxegas cunha pluma.
- c) Dinamito, cunha enorme explosión.

10. Como se sente a Curuxa ao ver o desenlace da historia?

- a) Orgullosa e satisfeita ao ver que todo saíu ben.
- b) Confusa e asustada ao ver que lle rouban a cabeza a Maya.
- c) Divertida e alegre pola calidade dos números cómicos.